

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO da contratación dos servizos de limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos urbanos.

1. Entidade que adxudica: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Limpeza. Número de expediente: 6.619-252.

2. Obxecto do contrato: os servizos relativos á limpeza pública viaria, recollida e transporte dos residuos urbanos da cidade de Vigo.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: dous anos. Prórroga: si, dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento: a) Orzamento base de licitación: 64.763.100 euros (sen IVE); IVE que soportará a Administración: 6.476.310 euros. Orzamento total: 71.239.410 euros. b) Dotación por lotes (IVE incluído): lote 1. Baleirado de papeleiras e contedores: 5.848.700 euros; lote 2. Servizo de recollida de lixo e limpeza viaria: 61.153.400 euros; lote 3 Recollida selectiva do lixo: 4.237.310 euros.

5. Garantías exixidas. a) Provisional: non se exige. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c) Complementaria: si, por un importe do 5 % do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE, cando a oferta adxudicada fose cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fose xustificada adecuadamente.

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono 986 81 01 48. Fax: 986 22 62 06.

CVE-DOG: 1usixac3-gju1-3kd3-ujm5-zkxqyirh2gl8



Data límite para solicitar documentación: ata sete días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: declaración do volume anual de negocio. Consideraranse con solvencia económica e financeira os licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato ou documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: lote 1: grupo U, subgrupo 1, categoría 5; lote 2: grupo R, subgrupo 5, categoría 5 e grupo U, subgrupo 1, categoría 5; lote 3: grupo R, subgrupo 5, categoría 5. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario ou documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: lote 1: grupo U, subgrupo 1, categoría 5; lote 2: grupo R, subgrupo 5, categoría 5 e grupo U, subgrupo 1, categoría 5; lote 3: grupo R, subgrupo 5, categoría 5.

Ademais estar en posesión das seguintes certificacións de calidade:

Certificación do sistema de xestión da calidade, UNE-EN-ISO 9001:2008.

Certificación do sistema de xestión ambiental, UNE-EN-ISO 14001:2004.

8. Presentación de ofertas: prazo: rematará o día 11 de outubro de 2017.

Documentación: a exixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 da folia de especificacións do contrato (FEC).

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, praza do Rei, nº 1, 36202 Vigo, ata as 13.30 horas do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.



Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura das ofertas técnica e económica: entidade, domicilio e localidade: véxase punto 6 do anuncio.

Data e hora: anunciarase no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:

11. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 25 de agosto de 2017

O alcalde
P.D. (Decreto e Acordo do 19.6.2015)
David Regades Fernández
Concelleiro delegado de Contratación

CVE-DOG: 1uslxac3-gju1-3kd3-ujm5-zkxqyirh2gl8

